



VIVEIRO DE EMPRESAS





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



BASES PARA O FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS DA ESTRADA

I.-CONCEPTO E CARACTERÍSTICAS

I.a) Obxecto

O viveiro de empresas é unha estrutura de acollida temporal pensada para ubicar a empresas nos seus primeiros pasos no mercado, acompañalas e prestarlles determinados servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto empresarial, co fin de que, mediante unha xestión sen ánimo de lucro, se facilite o desenvolvemento xerminal de iniciativas de interese para o Concello de A Estrada.

Constitúe un espazo físico que, combinando o ofrecemento de locais, formación, asesoramento e prestación de servizos, trata de cubrir as necesidades básicas de pequenas e medianas empresas, permitindo mellorar as súas expectativas de supervivencia.

I.b) Ubicación e estrutura

O viveiro de empresas ubícase na Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada na Zona Deportiva, s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra).

Conta con espazos comúns e particulares destinados a aloxar ás empresas.

I.c) Réxime de ocupación



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



Como centro de acollida temporal, cederanse despachos durante períodos determinados e definidos claramente.

A concreción das condicións de cesión así como os deberes e os dereitos das empresas detallaranse na normativa do Viveiro.

I.d) Normativa

O Viveiro de empresas, ademais de rexirse polos preceptos legais vixentes que lle concirnen, estará soportado polas seguintes normativas:

1. Bases de funcionamento do Viveiro de Empresas
2. Regulamento de Réxime Interno do Viveiro de Empresas
3. Contrato de cesión de locais do Viveiro de Empresas

II. OBXECTIVOS

Os obxectivos do viveiro son:

1. Favorecer o nacemento, arranque e consolidación de novas empresas.
2. Favorecer a xeneración de emprego.
3. Diversificar a estrutura productiva local, favorecendo a instalación de empresas de carácter innovador.
4. Crear un medio idóneo en condicións de prezo e servizos que permita ás iniciativas empresariais desenvolver o seu Plan de Empresa para que, cun tempo de estancia limitado, estén en situación de competir e actuar en condicións de mercado.
5. Contribuír á dinamización do Concello de A Estrada.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



Para conseguir estes obxectivos cóntase coa axuda do Concello de A Estrada e da Fundación Cultural da Estrada que aportará o apoio do servizo de Emprego e Desenvolvemento Local.

III. SERVIZOS DO VIVEIRO DE EMPRESAS

O viveiro de Empresas ofrece os seguintes servizos:

1.- Dous locais privados para utilización dunha persoa equipados con mobiliario e dotación de infraestruturas de iluminación, electricidade, climatización e comunicacións.

2.- Áreas e servizos comúns con ou sen coste adicional:

- . Acceso a servizos telemáticos
- . Limpeza e mantemento
- . Aparcamento
- . Salas de reunións
- . Aulas

3.- Servizos de Asesoramento a empresas, telecomunicacións e Formación, a través da Fundación Cultural da Estrada.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



IV. BENEFICIARIOS E REQUISITOS

Poderán optar aos servizos do Viveiro de Empresas:

1.- As **empresas de nova creación**, entendéndose por tales aquelas:

Empresas en proxecto: Que se constituán legalmente no prazo máximo de tres meses desde a súa instalación no Viveiro. Neste caso o contrato terá unha duración máxima de tres meses, podendo prorrogarse este prazo en caso de que se proceda á constitución legal da empresa e o proxecto empresarial sexa considerado viable.

Empresas novas: Que comencen a súa actividade económica coa instalación no viveiro de empresas.

Empresas recentes: Aquelas cuxo inicio de actividade tivera lugar, como máximo, nos dous anos anteriores á data de solicitude de admisión no Viveiro. A efectos de determinación do inicio de actividade considerarase a data de alta na Declaración Censal.

2.- As Fundacións, Asociacións, Federacións, Clusters ou calquera outra entidade de base asociativa. A efectos de aplicación das tarifas por servizos só terán a consideración de viveiristas aquelas que cumpran os requisitos necesarios para ser consideradas como empresas de nova creación.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



Requisitos mínimos para o caso de empresas:

1. Ser empresas xa constituídas ou de nova creación, nos termos anteriormente apuntados.
2. Ter o domicilio da actividade no Concello de A Estrada.
3. Non desenvolver actividades nocivas, insalubres ou peligrosas.
4. Dedicarse a tarefas de servizos de calquera actividade empresarial
5. Para o caso de empresas de nova creación, presentar un proxecto que avale a súa viabilidade económica.
6. Ter realizado un programa formativo de Autoemprego/Creación de empresas ou comprometerse a realizalo na primeira ocasión que este se convoque. Non se esixirá a cumprimentación deste requisito a aqueles emprendedores, que sendo ou que foran titulares dunha empresa, acrediten unha experiencia profesional por conta propia de alomenos 3 anos.

Período formativo.

Os emprendedores usuarios do viveiro que, sen estar exentos, non realizaran ningún tipo de capacitación sobre autoemprego ou creación de empresas, comprometeranse a realizar o primeiro que se lles oferte desde o Viveiro, que se axuste ao seu perfil e teña carácter gratuíto.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



V.- ORGANIZACIÓN E ESTRUTURA.

A. Organización

O Viveiro de Empresas non dispón de personalidade xurídica propia, senon que forma parte dos servizos da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, polo que lle é de aplicación a normativa que rexe para dita Corporación, sendo esta mesma a entidade titular a todos os efectos.

B. Entidades colaboradoras.

Dadas as características do Viveiro e aínda cando a titularidade última do mesmo corresponde á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, no funcionamento do mesmo colaborarán as Entidades seguintes:

- Concello de A Estrada
- Fundación Cultural da Estrada

C. Comité Executivo do viveiro

1. Estará formada polos seguintes compoñentes, con voz e voto:

- Un representante da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada.
- Un representante do Concello de A Estrada
- Un representante da Fundación Cultural da Estrada.

2. Terá carácter institucional e reunirse alomenos dúas veces ao ano.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



3. Nas reunións actuará como secretario o Responsable do Viveiro, levantando acta das mesmas.

4. As súas funcións principais serán as seguintes:

- Propoñer a normativa do Viveiro, adaptala e actualizala no transcurso do tempo.
- Velar polo cumprimento das normas do viveiro.
- Valorar e adxudicar as propostas dos beneficiarios do viveiro, en base ás propostas presentadas polo responsable do Viveiro.
- Resolver calquera eventualidade que se produza no viveiro e que sobrepare as competencias do responsable do mesmo.

5. Reunirse periodicamente con carácter ordinario dúas veces ao ano e con carácter extraordinario cando sexa necesario.

D.- Horario do Viveiro:

O horario de funcionamento do Viveiro é o seguinte:

De luns a xoves de 8:00 a 15:00 e de 16:00 a 18:00

Venres de 8:00 a 15:00

Posibilidade de adaptación ao horario do viveirista

E.- Persoal do Viveiro:

O persoal do Viveiro estará composto un responsable do viveiro que terá as seguintes funcións:



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



- Velar polo cumprimento diario da Normativa do Viveiro
- Xestionar os servizos do Viveiro e ser o Responsable da Administración e o mantemento do mesmo.
- Elevar as propostas de proxectos para a súa instalación no Viveiro, ao comité executivo do viveiro.
- Informar aos potenciais usuarios do viveiro.
- Informar á Fundación Cultural da Estrada das necesidades de planificación e xestión das actividades formativas do Viveiro.
- Elevar os informes que se lle requiran por comité executivo do viveiro.
- Xestionar as propostas do comité executivo do viveiro.
- Actuar de secretario do comité executivo do viveiro con voz e sen voto.
- Apertura e/ou peche do Viveiro cando corresponda.
- Información.
- Supervisar o cumprimento das normas.
- Mantemento do Viveiro.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



- Rexistro de Entrada/Saída de documentación do Viveiro.

F.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS:

F.1 SUPOSTOS DE UBICACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS DE RECENTE OU INMINENTE CONSTITUCIÓN

F1.1 Procedemento

Este procedemento será de aplicación para todas as Solicitudes de Espacio no Viveiro de Empresas presentadas unha vez pechado o prazo marcado para a admisión de proxectos na Convocatoria de primeira ocupación do Viveiro.

Este proceso de selección iniciarase ao rematar o proceso completo de selección de proxectos da Convocatoria de primeira ocupación do Viveiro, e será o único que se utilizará a partir dese momento.

F1.2 Criterios para a Selección de Proxectos

Para a selección dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios:

1. Viabilidade da iniciativa empresarial
2. Nivel de creación de emprego
3. Carácter innovador do proxecto
4. Medios financeiros e materiais con que contan os solicitantes
5. Experiencia previa e formación dos solicitantes
6. Acreditación de ter realizado unha cualificación para o Autoemprego/ creación de Empresas ou a Xestión Empresarial.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



7. Acreditación de ter, no seu caso, a condición de Emigrante Retornado.
8. Emprendedores que pertencen a colectivos con especial dificultade de inserción no mercado laboral: xóvenes menores de 30 anos, mulleres, maiores de 45 anos e desempregados de longa duración.
9. Provir de servizos de apoio á Creación de Empresas do Concello de A Estrada.

A apreciación dos criterios valorarase de forma conxunta, atendendo a súa maior ou menor concurrencia globalmente considerados, sen que exista ningún grao de prelación entre os mesmos, e sen que haxa que realizar un proceso de baremación entre os proxectos presentados.

F1.3- Proceso

A selección de proxectos para a utilización do Viveiro realizarase segundo se expón a continuación:

- Os interesados deberán presentar no rexistro do Viveiro de Empresas a **SOLICITUDE DE ESPACIO DO VIVEIRO DE EMPRESAS**, nun impreso normalizado que se facilitará no mesmo.
- A solicitude de espacio no Viveiro de Empresas poderá ser suscrita por **UN OU VARIOS SOLICITANTES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS**, sendo éste/éstos quen/es asuman fronte á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada o réxime de dereitos e obrigas derivados do contrato de Cesión. Non obstante el/os solicitantes poderán incluír no seu proxecto outros socios, participantes e/ou integrantes do proxecto, todos os cales deberán estar identificados cos seus datos persoais e, en caso de resultar seleccionados, deberán asinar o Contrato de Cesión con el/os solicitante/s en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



- No prazo de 5 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de rexistro de entrada, o Responsable do Viveiro informará ao solicitante da dispoñibilidade ou no de módulos libres.
- No caso de existir módulos libres, emplazarase ao solicitante para que no prazo máximo de 5 días naturais, presente no Rexistro de Entrada do Viveiro de Empresas, a seguinte documentación:

1. Memoria do Proxecto. A tal efecto a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada proporcionará aos interesados un modelo de Memoria orientativo, non obstante o cal, os aspirantes poderán engadir ou adxuntar calquera documento, plano, boceto, etc., que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

2. Documentación persoal, tanto do solicitante como dos eventuais socios, partícipes e/ou integrantes do proxecto, composta por:

- Fotocopia do DNI
- Currículum Vitae
- Vida laboral

3. Certificado de estar ao corrente de pagos coa Administración Autonómica e local, a Axencia Tributaria e coa Seguridade social (únicamente no caso de empresas constituídas con anterioridade).

Non obstante o Comité Executivo, poderá solicitar outra documentación que considere de interese para a mellor avaliación dos proxectos empresariais que se presenten.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



Unha vez entregada a documentación e, no caso de que se considere preciso, o Responsable do Viveiro manterá unha entrevista persoal cos solicitantes para dispoñer de todos os datos que necesita o Comité e poder tomar en base a eles unha decisión.

O Comité Executivo valorará os proxectos e deberá dictaminar as solicitudes presentadas nun prazo máximo de 30 días naturais desde a súa presentación no Viveiro, en base aos criterios de selección expresados anteriormente.

O Comité Executivo valorará o informe presentado polo Responsable do Viveiro en relación ao proxecto empresarial de que se trate, analizando os diversos aspectos que servirán de base á selección de proxectos. Ditos informes terán carácter confidencial, e solamente terán acceso ao mesmo as persoas que interveñan no proceso de selección, estando estas obrigadas a manter o seu contido en segredo.

Analizados os proxectos presentados, o Comité Executivo tomará a decisión final.

O promotor do proxecto que fora seleccionado, deberá confirmar o seu interese polo módulo asignado, asinando o Contrato de Cesión coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada nun prazo non superior a 15 días naturais desde a comunicación polo Responsable do Viveiro. En caso de non ser así, ofrecerase o seu espacio ao seguinte proxecto que resultara seleccionado.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



No caso de que non existiran módulos libres no momento da Solicitud, o Responsable do Viveiro informará aos solicitantes sobre o prazo aproximado no que poden quedar módulos libres e ofreceráselles a posibilidade de formar parte dunha lista de espera.

A lista de espera non establecerá ningún tipo de orde preferente ante as asignacións dos módulos que puideran quedar dispoñibles, sendo o Comité Executivo o encargado de decidir de entre os proxectos e/ou solicitudes que compoñen a lista de espera os que participarán no proceso de valoración e asignación de ditos módulos.

A lista de espera manterase permanentemente actualizada por parte do Responsable do Viveiro.

F1.4 SUPOSTOS DE UBICACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS EN PROXECTO:

- Os interesados deberán presentar no rexistro do Viveiro de Empresas a SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS, nun impreso normalizado que se facilitará no mesmo.
- Deberá acompañar á solicitude unha Memoria inicial da actividade segundo o modelo aprobado.
- Presentada a documentación e, sempre e cando existan módulos libres, a ubicación farase de forma inmediata, dispoñendo o emprendedor dun período máximo de tres meses nos cales poderá beneficiarse da infraestrutura, loxística



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



e servizos do Viveiro, ao tempo que recibirá o asesoramento e apoio necesario para o desenvolvemento do seu plan de viabilidade.

Pasado ese tempo, se finalmente decide constituir legalmente a súa empresa e iniciar a súa actividade empresarial poderá continuar a súa estancia no Viveiro, sempre e cando o seu proxecto fora revisado e informado favorablemente polo Comité Executivo segundo o procedemento fixado no punto VI 1.

F2. SUPOSTOS DE UBICACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS CON PERÍODO DE CONSTITUCIÓN SUPERIOR AOS DOUS ANOS, FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS, CLUSTERS OU CALQUERA OUTRA ENTIDADE DE BASE ASOCIATIVA.

- Os interesados deberán presentar no rexistro do Viveiro de Empresas a SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS, nun impreso normalizado que se facilitará no mesmo.

- No prazo de 5 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de rexistro de entrada, o Responsable do Viveiro informará ao solicitante da dispoñibilidade ou non de módulos libres, tendo sempre carácter preferente, aqueles proxectos empresariais que proveñan de empresas de nova creación nos términos sinalados no punto IV.1.

- No caso de existir módulos libres, emplazarase ao solicitante para que no



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



prazo máximo de 5 días naturais, presente no Rexistro de Entrada do Viveiro de Empresas, a documentación que, segundo os casos, se lle requira no impreso de solicitude.

- Comprobada a documentación, e sendo esta correcta, o solicitante, deberá confirmar o seu interese polo módulo asignado, asinando o Contrato de Cesión coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada nun prazo non superior a 15 días naturais desde a comunicación polo Responsable do Viveiro. En caso de non ser así, entenderase que renuncia á solicitude.

- No caso de que non existiran módulos libres no momento da Solicitude, o Responsable do Viveiro informará aos solicitantes sobre o prazo aproximado no que poden quedar módulos libres e ofreceráselles a posibilidade de formar parte dunha lista de espera, seguindo o procedemento indicado anteriormente.

F.2.1.- Duración:

Para o caso de empresas xa constituídas, filiais, delegacións, sucursais, fundacións, asociacións, federacións, clusters ou calquera outra entidade de base asociativa, a duración do contrato, establécese por un prazo MÁXIMO DE DOUS ANOS a contar desde o día da súa sinatura, prorrogables por vontade das partes.

No caso de empresas en proxecto, a duración do contrato de prestación de servizo e uso das instalacións comúns do Viveiro de Empresas, establécese por un prazo de TRES MESES a contar desde o día da súa sinatura.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



Acreditada a constitución da empresa e a viabilidade do proxecto, o contrato poderá ser prorrogado por vontade das partes.

Non obstante, a partir do segundo ano, o canon de cesión incrementarase nas seguintes porcentaxes:

3er año: 20%

4º año: 30%

5º año: 40%

A partir do 5º año: 50%

En todo caso, dita prórroga estará supeditada ao nivel de ocupación do Viveiro e á existencia de módulos libres.